



Centro de Maiores

* Xoves 30 de xuño, ás 10:30 Obradoiro de Cestería, aberto a toda a poboación, totalmente gratuíto, anotarse antes do luns 27 no centro.

Punto de Atención á infancia

* 27 de xuño, pola mañá obradoiro creativo e contacontos, aberto a toda a poboación, podedes acercarvos cos cativos a coñecer o centro e a disfrutar desta actividade.

Servizos Sociais

* Abriuse o prazo de solicitude do programa de Turismo Social (vacacións) do IMSERSO abrangue do 30 de maio ao 17 de xuño de 2016 para primeiras solicitudes, no caso de ser posterior a estas datas quedarán en lista para cubrir posibles vacantes. As solicitudes estan á súa disposición nos Servizos Sociais do Concello.

Deportes

* **Resultados Campionato Provincial Bádminton:** En categoría Benxamín feminino, Noa Chorén acadou o segundo posto e Mara Costoya o oitavo. En categoría Alevín feminino, Silvia García finalizou 5ª e Sabela Lois 8ª; en masculino Iñáki Gayoso acadou o posto 13º. En Infantil feminino, Xoana Ares e Marta Peteiro acadaron os postos 7º e 8º respectivamente. En categoría Cadete masculino, Sergio Cajide rematou nun 5º posto. Dende aquí queremos felicitalos a todos polos resultados e transmitirilles os nosos parabéns. ¡Noraboa Campións!

* **Programa de Termalismo Social:** neste mes, os días que se asistirá ó Balneario Compostela en Brión serán os mércores 1, 8, 15, 22 e 29. Para asistir chegará con inscribirse no centro de maiores ou nas oficinas do concello. O número de prazas máximo por día é de 25. O lugar de saída do autocar é o centro de maiores e a hora ás 15:00.

* **Finais Liga Intermunicipal de Base de Fútbol Sala:** Boimorto estará representado nas finais que se celebrarán o sábado 4 e o domingo 5 en Frades polos equipos Infantil, Cadete e Feminino. O primeiro en entrar en acción será precisamente este último, formado por Nerea, Andrea, Alejandra, Laura, Olalla, Ariadna e Sonia, competiendo xa o sábado ás 11:00 h na semifinal contra Melide B, xogándose a posible final ás 18:00 h. Xa o domingo, será a quenda para o equipo Infantil formado por Brian, Alex, "Pichi", Dani, Nico, Alberto, Alejandra, José Antonio, Rubén e Andrea, que xogará a súa semifinal ás 11:30 contra Curtis. O equipo Cadete está formado por Brian, Sergio, Dani, Alberto, Jesús, Diego, Raúl e Gonzalo, que xogarán ás 13:00 h contra o Arzúa a súa semifinal.

Piscina Municipal

* A piscina municipal de Boimorto prevé abrir as súas portas o vindeiro 20 de xuño. Recordamos que este servizo é gratuíto para as persoas que teñan o carné de actividades/ximnasio mentres que para o resto terá un custo de 0,50€ os menores de idade e 1,00 para os maiores.

Emprego

* **FORMACIÓN APROBADA DIRIXIDA A DESEMPREGADOS/AS. 2016.**

1. Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais. Arzúa. Nivel de cualificación profesional: 2. Inicio: Xuño 2016
2. Servizos de restaurante. Melide. Nivel de cualificación profesional: 2. Inicio: Xullo 2016
3. Condutor de vehículos clases C1-C. Arzúa e Melide. Inicio: Xuño 2016. Requisitos: certificado de escolaridade ou equivalente, ter cumpridos 18 anos para o C1 e 21 anos para o C. Estar en posesión do permiso de conducir B.

4. **Actividades de xestión administrativa.** Melide. Nivel de cualificación profesional: 2. Inicio: Xuño 2016

5. **Dinamización comunitaria. Melide.** Nivel de cualificación profesional: 3. Inicio: Xuño 2016

* O Concello de Boimorto aproba as bases para a selección e contratación de **tres peóns de obras** e servizos mínimos municipais. A contratación será a xornada completa por modalidade contractual de contrato eventual por circunstancias da produción.

Requisitos específicos: ser persoa demandante de emprego, non ocupada, inscrita no Servizo Público de Emprego de Galicia. Posuír o certificado de escolaridade ou equivalente e estar incluída nalgunha da seguintes situacións:

1. Muller
2. Maior de 45 anos
3. Persoa con discapacidade
4. Persoas desfavorecida (drogodependencia, vivir nun fogar onde ninguén teña emprego, persoa sen fogar, persoa con fogar monoparental ou persoa con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais)
5. Parado/a de longa duración (máis de dous anos)
6. Vítima de violencia de xénero

Prazo de presentación de instancias: ata o 10 de Xuño de 2016

Festival da la Luz - Cosecha 2016.

* 9, 10 e 11 de setembro. Orros - Andabao. Chegamos a V Edición do Festival de la Luz e como todos os anos precisamos da vosa colaboración. Para anotarse no programa de voluntariado do Festival podédolo facer nas oficinas do Concello, no 981 51 60 20 ou ben por e-mail en cultura@boimorto.es. Antes do 20 de agosto de 2016. Grazas!!

Reunions informativas

*O equipo de Goberno de Boimorto, xunto coa alcaldesa, comezarán a realizar xuntanzas nas diferentes parroquias do municipio. Serán reunións informativas e onde se poderán facer tamén preguntas e suxestións. Animamos á veciñanza a que participe e opine.

No seu momento informarse do lugar e hora.

Actividades Verán

Estamos a preparar unha gran oferta de actividades para os pequenos para o mes de xullo. A partir do día 1 deste mes (incluído) comezaremos cun campamento urbano ata o venres 30 de xullo (de 10 a 13 horas). Contaremos con servizo de bus polas parroquias, o seu horario será concretado no folleto que entregaremos no colexio coas actividades. Está destinado a rapaces e rapazas de 4 a 12 anos. Para os maiores de 12 anos tamén teremos unha acampada na zona das piscinas.

Para participar nestas actividade vai ser requisito indispensable ter o carné de socio que se poderá solicitar e tramitar no concello.

Este mes mandaremos ó colexio un folleto informativo e detallado das actividades que se van a realizar e os horarios, ademais da folla de inscrición.

Tamén poderedes vir a coller o folleto ó concello a partir do día 15 de xuño.

XI Conrobla 02 – xullo - 2016

* A partir das 18:00h. na Área da Piscina Municipal de Boimorto. Habará música, actividades, xogos populares, inchables,... As actuacións son gratuítas e abertas a todo o público. Paralelamente organizamos unha cea que ten un custe de 10€ persoas, os/as nenos/as pagarán so 5€ e a bebida cobrarase aparte).